

Estimas familias, benvidas a este novo curso.

A situación excepcional que estamos a vivir pola pandemia da **COVID**, que pode provocar o confinamento dalgún membro da comunidade educativa, fai que sexa necesario potenciar o uso das novas tecnoloxías para a comunicación e a docencia. Así durante o curso imos empregar as seguintes ferramentas:

- **Páxina web do centro.** Con información de interese xeral. O enderezo é [iescarloscasares.es](http://iescarloscasares.es)
- **AbalarMóbil.** Aplicación para móbiles ou *tablets* na que as familias van poder consultar información dos seus fillos ou recibir comunicacións do centro. Teñen máis información na seguinte ligazón:  
[www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/abalarmobil](http://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/abalarmobil)  
Debe instalarse no móbil co número de teléfono dos proxenitores que se comunicou na matrícula, para que funcione correctamente.
- **Aula Virtual.** Plataforma de ensinanza *online*. Pódese acceder dende a web do centro facendo clic no botón Aula Virtual da esquina superior dereita ou a través da ligazón <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescarloscasares/aulavirtual/>  
Está organizada por niveis educativos e en cada nivel aloxaranse os cursos de cada materia. Vaiselle comunicar a todo o alumnado o seu **usuario** e **contrasinal** para poder traballar. Ao acceder por primeira vez, o alumando debe cambiar o contrasinal inicial e modificar o seu perfil, engadindo un **correo electrónico operativo** (pode ser propio da alumna/o ou empregar un dos proxenitores). Neste correo recibirá comunicacións da aula virtual sobre tarefas, cualificacións...

No apartado [Recursos familias, alumnado e profesorado](#) da aula virtual, ao que se pode acceder como convidados sen necesidade de contrasinal, disporán de axuda para estes recursos así coma de información de interese.

Un saúdo.

O equipo directivo.